

**FERNANDO TORRE COMESAÑA, SECRETARIO-INTERVENTOR DO
CONCELLO DE CARBALLEDO, PROVINCIA DE LUGO**

CERTIFICA que con data 13 de outubro de 2016, a Xunta de Goberno Local do Concello de Carballedo, por unanimidade dos seus membros, adoptou, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

**"4º.- APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE
PERSONAL LABORAL TEMPORAL. FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO
RURAL: PROGRAMA "APROL RURAL", ANO 2016.-"**

**BASES E CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN,
DE CINCO PEÓNS DE OBRAS PARA O SERVIZO DE OBRAS DO CONCELLO DE CARBALLEDO.
FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (Programa APROL RURAL), 2016. Contratación de
persoal laboral temporal, a tempo completo, por un período de seis meses.-**

Vista a Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, publicada no DOG núm. 144 de 01 de agosto de 2016. Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Vista a solicitude de subvención presentada polo Concello de Carballedo para dito programa "APROL RURAL".

Vistas as Resolucións da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de 6 de setembro e de 26 de setembro de 2016, polas que se lle concede a este concello unha subvención para a contratación de cinco (5) peóns de obras.

Considerando a necesidade de proceder coa maior urxencia á aprobación das bases e convocatoria do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, de CINCO peóns de obras públicas / peóns en xeral, para o Servizo de Obras do Concello de Carballedo, ao abeiro da citada Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2016. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo completo, por un período de seis meses, para realizar os traballos que figuran descritos na memoria que acompaña á solicitude de subvención

Vistas as competencias delegadas pola Alcaldía mediante Resolución de data 6 de xullo de 2015, e o resto de atribucións conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases segundo o anexo que se acompaña, así como a convocatoria do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, de CINCO peóns de obras públicas / peóns en xeral, para o Servizo de Obras do Concello de Carballedo, ao abeiro da citada Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2016. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo completo, por un período de seis meses, para realizar os traballos que figuran descritos na memoria que acompaña á solicitude de subvención.

SEGUNDO.- Publicar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carballedo un anuncio indicativo deste procedemento de selección, así como o texto íntegro das bases que rexerán a convocatoria.

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a tramitación e xestión do presente acordo."

ANEXO

" BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE CINCO PEÓNS DE OBRAS PARA O SERVIZO DE OBRAS DO CONCELLO DE CARBALLEDO. FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (Programa APROL RURAL), 2016. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo completo, por un período de seis meses."

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, de CINCO PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS / PEÓN EN XERAL para o SERVIZO DE OBRAS do Concello de Carballedo, para realizar os traballos que figuran descritos na memoria que acompaña á solicitude de subvención presentada ao abeiro da Orde de 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, publicada no DOG núm. 144 de 01 de agosto de 2016, Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Tipo de contrato: laboral, temporal a tempo completo.

Sistema selectivo: Concurso-oposición.

Tempo de contrato: 6 meses.

Prazas: cinco (5)

Titulación mínima: non se esixe.

Retribucións: segundo subvención concedida.

Período de proba: Establécese un período de proba de dous (2) meses (art. 14 do E.T.).

Esta contratación (contrato de servizos de interese social) será a xornada completa, relacionado coa duración do programa subvencionado e segundo o previsto nas resolucións de datas 06/09/2016 e 26/09/2016 ditadas pola Xefa Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A modalidade contractual será a dun contrato laboral temporal de duración determinada de obra ou servizo, de interese social, por un período de seis meses, para a contratación de CINCO PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS / PEÓN EN XERAL para o Servizo de Obras do Concello de Carballedo, Programa APROL RURAL.

SEGUNDA.- REQUISITOS MÍNIMOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte na selección será preciso cumprí-los requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a) Ser español/a. Os/as nacionais dos demais estados membros da Unión Europea poderán acceder en idénticas condicións sempre que acrediten xunto coa súa instancia na que solicitan tomar parte no proceso selectivo que, segundo o dereito comunitario, é de aplicación a libre circulación de traballadores neste sector.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- c) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.
- d) Ter cumpridos 16 anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.
- f) Estar en posesión da titulación mínima requirida para o posto a desenvolver segundo oferta pública de emprego solicitada ao Servizo Galego de Colocación.
- g) **Será requisito específico o seguinte: estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego correspondente como desempregado/a (non ocupado, e dispoñible para o emprego).**
- h) **Non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas na Orde de referencia: os traballadores que fosen contratados, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas -ver artigo 12.2. da Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, publicada no DOG núm. 144 de 01 de agosto de 2016, Consellería de Economía, Emprego e Industria-**

TERCEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O Concello de Carballedo presentará a correspondente oferta de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, oficina de Chantada, nos modelos normalizados para o efecto.

As bases do proceso selectivo serán publicadas na páxina web do Concello de Carballedo: www.concellocarballedo.es, no apartado Áreas de interese – Oferta de emprego.

O Servizo Público de Emprego **realizará unha sondaxe de demandantes.** A esta sondaxe daráselle publicidade a través do taboleiro de anuncios do Concello de Carballedo. O Concello de Carballedo notificará a todas as persoas aspirantes remitidas pola Oficina de Emprego de que foron preseleccionadas para dita oferta de emprego, de forma que quede constancia no expediente.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: Unha vez recibida a sondaxe do Servizo Público de Emprego (SPE), outorgarase o prazo máximo de **CATRO DÍAS NATURAIS** dende a publicación da sondaxe do SPE e das bases do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello, para que os aspirantes preseleccionados/as pola Oficina de Emprego presenten a instancia xunto cos seguintes documentos:

- Copia compulsada do carné de conducir.
- Copia compulsada dos méritos aportados.
- Copia compulsada do D.N.I.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade ou doenza física ou psíquica que impida exercer-las función propias do posto a desenrolar, e de cumprir-las requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade prevista na lexislación vixente.
- Copia de carta de demandante de emprego.
- Copia da resolución de minusvalía ou concesión de RISGA, no seu caso.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles.

Cada aspirante presentará **instancia (Anexo II)** no prazo sinalado, dirixida ao Tribunal Cualificador para o SERVIZO DE OBRAS, na Oficina de Rexistro do Concello de Carballedo, **en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, e os sábados de 9:30 a 13:30 horas**, acreditando os méritos sinalados que figuran no Anexo I. A Oficina de Rexistro do Concello selará e datará a Instancia, e entregáralle fotocopia da mesma ao solicitante.

A lista de aspirantes presentados, admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello no prazo máximo de dous días hábiles dende que remata o prazo de presentación de instancias.

A cualificación, levarase a cabo polo Tribunal Cualificador, e elevará ao Alcalde-Presidente a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtivera a maior puntuación total, aos efectos da súa contratación.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

En caso de empate entre os aspirantes, para proceder ao desempate aplicaranse os criterios de selección establecidos no artigo 12.5. da amentada Orde do 14 de xullo de 2016: *"terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:*

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.*
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.*
- c) Persoas paradas de longa duración.*
- d) Persoas con discapacidade.*
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.*
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.*
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.*

CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: info@concellocarballedo.es adl@concellocarballedo.es

PROGRAMA "APROL RURAL"

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento."

Se algún candidato/a inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación do Tribunal sería a favor dos seguintes con maior puntuación total.

FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS.- Puntuación total Concurso : máximo 10 puntos.

Segundo a puntuación sinalada no ANEXO I. CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS.

FASE DE OPOSICIÓN.- Puntuación máxima: 20 puntos.

Será obrigatoria, eliminatoria e anónima, e consistirá na realización dun exame por escrito (tipo test), sendo a materia obxecto de exame, cuestións básicas e prácticas do posto a desempeñar. Dita proba será presencial, sendo o tempo de duración, como máximo de 1 hora.

O exame valorarase cunha puntuación máxima de 20 puntos, sendo necesario acadala puntuación mínima de 10 puntos para superar esta fase de oposición e non quedar excluído/a do procedemento de selección.

CUARTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

O Tribunal Cualificador estará constituído da seguinte forma:

- **Presidente:** O funcionario encargado de obras e servizos do Concello de Carballedo.

- **Vogais:**

1º **vogal:** O Técnico local de emprego do Concello de Carballedo.

Suplente 1º vogal: Outro persoal laboral do Concello de Carballedo.

2º **vogal:** A Educadora familiar do Concello de Carballedo.

Suplente 2º vogal: Outro persoal laboral do Concello de Carballedo.

3º **vogal:** A Representante sindical dos traballadores do Concello de Carballedo.

Suplente 3º vogal : Outro persoal laboral do Concello de Carballedo.

- **Secretario:** o Secretario do Concello de Carballedo.

Suplente do Secretario: un funcionario do Concello.

O Tribunal non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso en todo caso a asistencia do Presidente e do Secretario.

Seralle de aplicación ó tribunal o previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 14 de xaneiro, en canto á abstención e á recusación.

A Presidencia ou o tribunal poderá dispor a incorporación ós seus traballos dun asesor especialista, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias das probas así o aconsellen, limitándose o mencionado asesor a prestar a súa colaboración na súa especialidade técnica.

A selección levarase a cabo no lugar, día e hora que se especifique mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios do Concello cunha antelación de un día hábil, unha vez se reciba a contestación á oferta pública de emprego enviada ó Servizo Galego de Colocación para contratación laboral temporal a tempo completo de CINCO PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS / PEÓN EN XERAL para a obra/servizo denominado "SERVIZO DE OBRAS. Programa APROL RURAL" e terá lugar unicamente entre os candidatos propostos polo Servizo Galego de Colocación que presentaran a correspondente instancia en prazo e a documentación que a acompaña.

O día da selección os candidatos comparecerán co DNI/Tarxeta de residencia. Nese mesmo acto, procederase á entrevista persoal e a valoración polo Tribunal dos méritos aportados polos/as candidatos/as.

QUINTA.- FORMALIZACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.-

Os contratos formalizaranse entre o Concello e os candidatos/as seleccionados/as na data que se indique, por un tempo de SEIS MESES.

SEXTA.- INCIDENCIAS.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

SÉTIMA .- DEREITO SUPLETORIO.

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral, así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal ao servizo das administracións públicas.

OITAVA.- NORMA FINAL.

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugna-los interesados no caso e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común."

En Carballedo, a 07 de outubro de 2016
Asinado: O Alcalde, D. Julio Manuel Yebra-Pimentel Blanco

ANEXO I. CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS.

Puntuación total Concurso : máximo 10 puntos.

-A) Entrevista persoal, (puntuación máxima: 4,00 puntos) na que se valorarán as aptitudes e actitudes necesarias para posto de traballo a desenrolar e para as funcións inherentes ao mesmo. As/os aspirantes deberán responder oralmente a varias preguntas formuladas polo tribunal sobre cuestións básicas relacionadas co posto a desenvolver.

-B) Formación: (puntuación máxima : 4,25 puntos).

- Carné de conducir B: **1 punto.**
- CELGA 2, ou superior: **1 punto.**
- Cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados coas tarefas a desenvolver, homologados e recoñecidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, por administracións públicas e universidades:
 - De 10 a 50 horas: 0,50 por cada curso.
 - De 51 a 100 horas: 1 punto por cada curso.
 - De máis de 100 horas: 1,5 puntos por cada curso.
- Outros cursos: 0,25 cada curso, ata un **máximo de 1 punto.**

Os méritos do apartado B), mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

-C) Colectivos prioritarios: máximo 1,75 puntos.

1.- Condición de muller vítima de violencia de xénero: 0,30 puntos.

2.- Menor de 30 anos: máximo 0,35 puntos.

- menor de 30 anos demandante do primeiro emprego: 0,35 puntos.
- menor de 30 anos sen cualificación profesional: 0,35 puntos.

3.- Persoas en paro de longa duración (> 12 meses): máximo 0,40 puntos.

Antigüidade como demandante de emprego:

- menos de 6 meses: 0,10 puntos
- de 6 a 12 meses: 0,15 puntos
- mais de 12 meses: 0,40 puntos
- demandante de primeiro emprego: 0,40 puntos.

4.- Persoas con discapacidade: máximo 0,25 puntos.

Por ter recoñecida minusvalía igual ou superior ó 33% (que lle permita a realización dos traballos inherentes ó posto).

5.- Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios: máximo 0,20 puntos.

- perceptor/a de subsidio de desemprego: 0,10 puntos
- non perceptor/a de prestacións: 0,20 puntos

6.- Desempregados de máis de 45 anos: 0,15 puntos.

7.- Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social (RISGA): 0,10 puntos.

Anexo II. MODELO DE INSTANCIA.

D./Dna....., con DNI número e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en CP.....localidadetelf.....
E-mail

EXPOÑO:

I.- Que teño coñecemento da convocatoria e bases para a selección de CINCO PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS / PEÓN EN XERAL para o SERVIZO DE OBRAS como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Carballedo.

II.- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

III.- Que estou preseleccionado pola Oficina de Emprego de Chantada, na sondaxe de demandantes de emprego non ocupados e dispoñibles para o emprego que foi remitida ao Concello de Carballedo.

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Copia compulsada do carné de conducir.
- Copia compulsada dos méritos aportados.
- Copia compulsada do D.N.I.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade ou doenza física ou psíquica que impida exercer-las función propias do posto a desenrolar, e de cumprir-las requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade prevista na lexislación vixente.
- Copia de carta de demandante de emprego.
- Copia da resolución de minusvalía ou concesión de RISGA, no seu caso.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles.

-
-
-
-
-
-
-
-

(no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue).

AO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE 5 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS / PEÓN EN XERAL para o SERVIZO DE OBRAS DO CONCELLO DE CARBALLEDO. PROGRAMA "APROL RURAL".

ANEXO III. - DECLARACIÓN XURADA.

Eu, Don / Dona.....con
D.N.I. número....., declaro baixo a miña exclusiva
responsabilidade que na actualidade teño a **capacidade funcional para o desempeño das
tarefas habituais** na ocupación de PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS / PEÓN EN XERAL e
tamén declaro non padecer enfermidade nin estar afectado por doenza física ou psíquica que
sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

Declaro baixo a miña responsabilidade que na **actualidade estou inscrito/a como
demandante de emprego** nos Servizos Públicos de Emprego, na ocupación de PEÓN DE
OBRAS PÚBLICAS / PEÓN EN XERAL.

Tamén manifesto que **non teño expediente disciplinario**, nin fun despedido por
causas disciplinarias por unha Administración Pública, e tamén que non incorro en
incompatibilidade, nin teño sido separado ou inhabilitado de empregos ou cargos en ningunha
Administración Pública.

En Carballedo, a.....de.....de 2016.

Sinatura,

”

CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomefe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: info@concellocarballedo.es adl@concellocarballedo.es

PROGRAMA "APROL RURAL"

E para que así conste asino a presente, coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco, en Carballedo, a 13 de outubro de 2016.

O Secretario



D. Fernando Torre Comesaña

Vº e Pr..

O Alcalde



D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco